

Homilía na Misa de Rosalía en San Domingos de Bonaval, Santiago, o 25 de xullo de 2015

Os meus pensamentos, sentimentos e o corazón enteiro van neste sacro lugar e neste intre dirixidos, nai e irmá Rosalía, cara a ti. Porque cantos aquí nos atopamos, na tarde desta festividade maior do Apóstolo Santiago, viñemos facer aquí viva e afervoadá lembranza túa. Ti es, xa que logo, activa protagonista deste noso acto. Estamos aquí para fortalecérmolos, para collermos novos azos a carón do teu nobre e venerado sartego. As nosas angueiras a prol da construción dunha Galicia máis achegada ós teus soños e á túa limpa intuición de muller precisan beber das túas fontes, da túa palabra, do teu alento e do teu comportamento.

Pregáronme, santiña e rebelde Rosalía, que viñese aquí dicirche unha misiña “pola túa alma”. E velaquí estou a realizar, do mellor xeito do que son capaz, a tarefa encomendada. Mais, se son sincero, non che teño moi claro qué vén sendo iso da túa alma como algo que ti tiveses ademais doutras cousas. Porque ti, se fuches algo, foi ser, toda enteira e verdadeira, alma, espírito, vida, sentimento. Ti non eras máis ca alma. Ti viviches intensamente unha fonda interioridade, a nosa, a das galegas e a dos galegos, que vén sendo coma o relanzo sosegado do fluír de toda a nosa, vella e complicada, historia. Quero dicir. Estritamente, ti, irmá Rosalía, nin sequera tiveches unha alma propia e particular. A túa alma era a de todos, o espírito dun pobo marxinado e sufrinte, que en ti se converteu en palabra poética desveladora e debeladora, manifestante e denunciante.

Por todo isto, nai e compañeira Rosalía, ó falarmos aquí da “túa alma”, da pregaria pola túa alma, quero dicir que os que estamos hoxe aquí pregaremos contigo polas xentes galegas todas que habitaron na túa alma, que foi casa quente e protectora de todos nós. Este pregar noso polos galegos e galegas, os de hoxe e os de vindeiros tempos, quere ser ademais un pregar activo, lúcido e reivindicativo. Tal e como o foron sempre os teus versos e cantares, expresión bela e afoutada da nosa carne e da nosa vida.

O primeiro, seguramente, que teríamos que pedir contigo é que o noso ser galego non se converta en especie ou tarefa destinada á extinción. Din, querida Rosalía, que son poucos os que nacen, e que ademais está a ocorrer, para máis inri, algo entre nós que semellaba superado e que nos fai lembrar aqueles poemas teus nos que denunciabas a nosa secular emigración cara a alleas terras. Ó paso que levamos, semella que corre case perigo de se converter esta nosa, fermosa e engaiolante, Galicia en simple

xeografía. Por máis que non teñamos naturalmente nada en contra do gran labor cartográfico do noso xeógrafo Fontán, soterrado tamén aquí á túa beira. Perigo, si, de se converter a nosa terra en terra baleira e des-almada, é dicir, carente desa alma nosa, non só física ou vexetal senón sobre todo humana, aquela que ti soubeches cartografar tan ben coma Fontán. Por iso precisamente pregamos hoxe aquí “pola túa alma”, é dicir, pola nosa alma común, pola alma latexante de todos nós.

Consonte con isto, teríamos moito que parolar, benquerida Rosalía, verbo da nosa fala, da nosa lingua. Esa lingua á que ti lle intentaches devolver a súa antiga dignidade, oprimida e marxinada durante séculos por obra e graza dos que se crían autorizados a facelo simplemente por estaren en posesión da espada e do poder. Mais non penses que os ostentadores do poder ficaron totalmente calados e inactivos despois de ti. Habelos hainos! Seguen aí, arredor noso, de xeito que temos aínda non poucos a estraña sensación de sermos dalgunha maneira estranxeiros na nosa patria, tal como xa ti dixeras sobre ti mesma en *Follas novas*.

Permitírasme neste sentido, nai e amiga Rosalía, xa que nos atopamos en lugar sagrado non só por estares ti con nós xunto con outros grandes da nosa común memoria histórica senón tamén por repousardes todos en paz no espazo interior dun antigo templo e mosteiro cristián, que che comente algo que levo neste intre moi na alma. Mira, hai hoxe xustamente cincuenta anos e a esta mesma hora, e en boa parte grazas a ti e ós que contigo repousan neste lugar, produciuse aquí un acontecemento que non podemos deixar de lembrar hoxe, xunto contigo, Rosalía nosa.

Na segunda páxina da cuberta deste pequeno folleto de cor marela que leva o título de “A Santa Misa” pódese ler, escrito a man, o seguinte: “Este foi o libriño que empreguei pra ler a S[anta] Misa no idioma galego, oficiada por min pola primeira vegada no mundo, no día do noso Padroeiro Sant-Iago do 1965 (Ano Santo Compostelán) en Sant-Iago de Compostela, a carón dos sartegos de Rosalía Castro, Alfredo Brañas e Asorey, dimpois das cinco do serán. Asistiron moitos irmáns que responderon afervoadamente, todos a oito, coas fermosas oracións da Misa en galego. Moitos recibiron con agarimo o Corpo de Cristo. Esta Misa foi dita pola intención do Padroado ‘Rosalía de Castro’ e coa alta bendición do Cardeal-Arcebispo de Sant-Iago, don F[ernando] Quiroga. Deus sexa louvado e abenzoe a Galiza e ao mundo enteiro. Amén. Xaime Seixas Subirá, da Compañía de Xesús; Sant-Iago, 25-xullo-1965”.

Paréceme, pois, moi oportuno celebrarmos tamén aquí hoxe, xunto coa festividade do noso padroeiro Santiago e nesta tradicional lembranza de Rosalía, as

vodas de ouro (séxame permitido dicilo así) do idioma galego coa Igrexa galega. A histórica e afervorada voda que se celebrou aquí na tarde do 25 de xullo de 1965, tendo en conta as ben pouco harmónicas relacións previas entre os futuros contraentes, demorárase demasiado. Mais, á fin, a voda celebrouse neste lugar e nesa data con grande emoción e entusiasmo hai hoxe xustamente medio século. A homilía que o padre Seixas pronunciou naquela súa misa “pola alma de Rosalía”, semellante á de hoxe, remataba deste xeito: “Xuntemos, pois, as nosas pregarías coas do Apóstolo, pedíndolle ao Noso Señor Xesucristo que abenzoe neste día arnelo a tódolos homes do mundo: de tódalas razas, de tódalas línguas, de tódolos países, de tódalas relixións; e tamén a aqueles que non teñen ou non queren ter relixión ningunha; e de xeito particular, a aqueles que sofren persecución racial, lingoísta, nazonal ou relixiosa; pra que todos xuntos coma irmáns na mutua xustiza e na irmandade do amor poidamos no derradeiro día dos tempos louvar a Deus por toda a eternidade”.

Para rematar tamén eu, é este o momento, ben curto, de me dirixir xa directamente a todos vós como “queridos irmáns”. Pois se hai algún título valioso que nos vencelle a todos é o de “irmáns”, alén doutros honrosos cargos ou títulos que varios de vós podedes ostentar como representantes políticos, sociais ou relixiosos, cuxa presenza aquí en calquera caso agradezo de corazón. Por todo isto, e en seguimento do noso Celso Emilio Ferreiro, “coma un irmau che falo”, fálovos como irmán a irmás e irmáns. Mais só para vos dicir finalmente. Se a voda oficial do idioma galego coa liturxia eclesiástica ocorreu hai agora medio século -así como tamén algo semellante se produciría anos despois a nivel político-, non deberíamos permitir que tan felices acontecementos tendan paseniñamente a se converter en soterrado divorcio. Que a santiña Rosalía e o pai Seixas endexamais permitan tal cousa.

Manuel Cabada Castro